

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE LOTES NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO 2” COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FONDO SOCIAL EUROPEO (CÓDIGO PROXECTO: 112410004). LOTE 2 – IMPRESIÓN DIXITAL- RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO. Apertura económica.

Sendo as 13:00 horas do día 13 de marzo de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra Teneta de Alcalde delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, e actuando como vocais, don Manuel Enrique Chaín Fernández, Concelleiro Delegado da área de Infraestructuras e Zona Rural, don Angel Trabada, polo grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abaira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, dona Ana Isabel Saez Mancebo, letrada asesora, don Marcial Rodríguez Toajas, interventor xeral do Concello, e actuando como secretario da mesa don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

Asisten a este acto público dona Concepción Villar, en representación de APREVAR, dona María Castro, en representación da Asociación Provincial de Hostelería, dona Niurka Iglesias, en representación de NORPREVENCIÓN, dona María Corral, en representación de ESTUDIOS RAFAER e Ignacio Oliveira, en representación da FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN.

Abre a sesión a sra. Presidenta da mesa e procédese por parte do seu secretario a dar lectura do informe técnico elaborado pola Axencia de Desenvolvemento Local sobre a valoración dos criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente de acordo cos criterios incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares, o cal se transcribe literalmente:

“INFORME TÉCNICO DA AXENCIA DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL DA VALORACIÓN DOS CRITERIOS DE ASXUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE (SOBRE B - PROPOSTA TÉCNICA) - PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DOCENCIA ESPECIALIZADA (FORMACIÓN ESPECÍFICA) MEDIANTE LOTES NO MARCO DO PROXECTO “LUGO EMPREGO ACTIVO 2” COFINANCIADO NUN 80% POLA UE A TRAVÉS DO FSE (CÓDIGO PROXECTO: 112410004)

Vista a providencia da mesa de contratación de data 12 de febreiro de 2014, na que se solicita a emisión dun informe técnico pola Axencia de Emprego e Desenvolvemento Local, en relación coa valoración dos criterios de adxudicación non avaliábel automaticamente (grado de detalle que conteña o programa formativo, xunto coa descrición que se faga da metodoloxía que se empregará en cada módulo e a adecuación da metodoloxía proposta cos obxectivos perseguidos), de acordo cos criterios incluídos no prego de cláusulas administrativas particulares (procedemento de contratación

docencia especializada (formación específica) mediante lotes no marco do proxecto "Lugo Empleo Activo 2" cofinanciado nun 80% pola UE a través do Fondo Social Europeo (Código proxecto: 112410004)).

Examinadas as propostas presentadas polas diferentes empresas para a contratación da devandita docencia, e baremadas dacordo cos criterios do prego de cláusulas administrativas particulares (criterios non valorables automaticamente: **ata un máximo de vinte puntos**), se propón a seguinte valoración para cada unha das propostas dos diferentes lotes:

LOTE 1.- ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO:

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 1:

- APREVAR (Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios)
- FESAN (Fundación de Estudios e Análises)
- AFALU (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo)
- Mayores Atención a la Dependencia S.L.
- Cruz Roja Española Lugo
- COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)
- Escuela Vanguarda S.L.
- Asín Lucense S.L.U.
- Estudios Rafer S.L.

Faise a seguinte valoración para cada unha das propostas:

AFALU (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo): O programa formativo é completo, desglosándose en módulos, unidades formativas, unidades didácticas e a carga horaria. Establecese os obxectivos do programa formativo. Faise unha breve reseña da metodoloxía a seguir. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 14,12.**

Escuela Vanguarda S.L.: En canto o programa formativo o mesmo recolle os módulos da acción, as unidades formativa, a carga horaria, os contidos e os obxectivos xerais. Non fai mención aos obxectivos específicos nin fai referencia ao sistema de avaliación. A metodoloxía consta dunha breve reseña xenérica, sen grado de detalle algún. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 14,12.**

Estudios Rafer S.L.: O programa formativo divídese en diferentes módulos asociados e a súa vez en diferentes unidades de competencia, establecendo uns obxectivos específicos. Establécese unha metodoloxía xenérica para toda a acción formativa. Desenvólvese un sistema de avaliación da aprendizaxe por cada módulo formativo. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 14,12.**

Asín Lucense S.L.U.: O programa formativo estrutúrase en módulos formativos, unidades formativas, capacidades, contidos, criterios de avaliación e a carga horaria. Consta dunha metodoloxía didáctica xenérica que non se relaciona directamente coa acción formativa a desenvolver. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 14,12.**

APREVAR (Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios): Se presenta un programa formativo moi completo, recolle as unidades formativas de cada módulo, ademais dunha planificación didáctica e da avaliación da aprendizaxe acorde ao programa formativo, así como a correspondente carga horaria. De forma xenérica contéplase unha metodoloxía e sistemas de avaliación da aprendizaxe. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 16,47.**

Mayores Atención a la Dependencia S.L.: O programa formativo presenta os módulos formativos, en cada módulo establece uns obxectivos ademais dos contidos teórico-prácticos e teóricos. Faise referencia a carga horaria. Presenta unha metodoloxía na que se contempla o seguimento do alumnado, as avaliacións pertinentes, e neste apartado recollese as unidades formativas de cada módulo e faise referencia á coordinación como sistema de avaliación e seguimento. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 16,47.**

FESAN (Fundación de Estudios e Análises): O programa formativo se presenta desagregado de forma completa, en módulos, unidades formativas, ademais dos obxectivos do devandito programa e a súa carga horaria lectiva. Mencionase ademais que é unha entidade homologada para impartir o curso de manipulador de alimentos (no programa formativo recollese o módulo de carnet de manipulador de alimentos). A proposta metodolóxica é detallada: técnica e ferramentas a empregar polo equipo docente, coordinación pedagóxica, sistemas e seguimento de avaliación continua e titorizacións coordinadas. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

Cruz Roja Española Lugo: O programa formativo que se presenta contén: módulos formativos, unidades formativas, obxectivos, contidos teórico-prácticos e a carga horaria. En canto a metodoloxía é completa, detallada e específica para a acción formativa, recolle a implantación das novas tecnoloxías, un sistema de avaliación acorde coas capacidades a avaliar de cada módulo e itinerarios formativos individualizados da acción. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade): O programa formativo consta de módulos formativos, desagregados en unidades formativas, a carga horaria, obxectivos e contidos, así como unha planificación temporal dos módulos. A metodoloxía plasma os obxectivos metodolóxicos para cada unidade formativa nese grado de detalle. Polo tanto é completa e detallada, e é específica, así faise mención a titorización do alumnado, a unha avaliación continua do proceso de impartición da acción e do alumnado e tamén a un sistema de xestión da formación (control de asistencia, xestión de altas e baixas). Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

LOTE 2.- IMPREXIÓN DIXITAL (Reservado a Centros Especiais de Empleo):

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 2:
- COMBINA SOCIAL S.L.

Faise a seguinte valoración para a única proposta presentada:

COMBINA SOCIAL S.L.: Faise unha descrición detallada dos módulos formativos coas súas correspondentes unidades, especificando a carga horaria, e asimesmo contempla os obxectivos de cada módulo coa súa correspondente metodoloxía. Establecese un sistema de xestión da formación donde se recolle a planificación, control de asistencia do alumnado e avaliación continua das competencias adquiridas por cada alumno/a. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

LOTE 3.- COIDADOR DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER:

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 3:
- ESCUELA VANGARDA S.L.
- APREVAR (Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios)
- FESAN (Fundación de Estudios e Análises)
- AFALU (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo)

- Mayores Atención a la Dependencia S.L.
- Cruz Roja Española Lugo
- COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade)
- Asín Lucense S.L.U.
- Estudios Rafer S.L.
- NORPREVENCIÓN S.L.

Faise a seguinte valoración para cada unha das propostas:

ESCUELA VANGARDA S.L.: En canto o programa formativo o mesmo recolle os módulos, a carga horaria e por cada módulo establece uns contidos e unha anotación metodolóxica para cada un deles. Non contempla a planificación, nin o seguimento da avaliación da acción formativa. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 12,5.**

NORPREVENCIÓN S.L.: O programa formativo está dividido en módulos coas súas unidades formativas, a duración e a carga horaria. Establecese uns criterios de avaliación. Só se fai mención a algún criterio metodolóxico. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 12,5.**

Asín Lucense S.L.U.: O programa formativo estrutúrase en módulos formativos con obxectivos, contidos (teórico -prácticos) e a carga horaria. Consta dunha metodoloxía didáctica xenérica que non se relaciona directamente coa acción formativa a desenvolver. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 12,5.**

AFALU (Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Lugo): O programa formativo consta dos módulos formativos, contidos e a carga horaria. Establecese os obxectivos da acción formativa en xeral. Faise unha breve reseña da metodoloxía a seguir. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 12,5.**

Estudios Rafer S.L.: O programa formativo establece uns obxectivos e contidos, sinalando os módulos e a carga horaria dos mesmos, e cada módulo contén a súa vez uns contidos e obxectivos específicos. Establecese unha metodoloxía xenérica para toda a acción formativa. Desenvólvese un sistema de avaliación da aprendizaxe por cada módulo formativo. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 15.**

COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade): O programa formativo consta dos módulos formativos, desagregados en obxectivos, contidos e metodoloxía e a carga horaria. Ademais recolle a planificación temporal dos devanditos módulos. A metodoloxía plasma os obxectivos metodolóxicos para cada unidade formativa nese grado de detalle. Polo tanto é completa e detallada, e é específica, así faise mención a titorización do alumnado, a unha avaliación continua do proceso de impartición da acción e do alumnado e tamén a un sistema de xestión da formación (control de asistencia, xestión de altas e baixas). Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 18,75.**

Mayores Atención a la Dependencia S.L.: O programa formativo presenta os módulos formativos, en cada módulo establece uns obxectivos ademais dos contidos teórico-prácticos e teóricos. Fai referencia a carga horaria. Presenta unha metodoloxía na que se contempla o seguimento do alumnado, as avaliacións pertinentes, e faise referencia á coordinación como sistema de avaliación e seguimento. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 18,75.**

FESAN (Fundación de Estudios e Análises): O programa formativo presentase desagregado en módulos, contidos e a súa carga horaria lectiva. Mencionase ademais que é unha entidade homologada para impartir o curso de manipulador de alimentos (no programa formativo recóllese o módulo de carnet de manipulador de alimentos). A proposta metodolóxica é detallada: técnica e ferramentas a empregar polo equipo docente, coordinación pedagóxica, sistemas e seguimento de avaliación continua e titorizacións coordinadas. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 18,75.**

APREVAR (Asociación Provincial de Reparación y Venta de Automóviles y Recambios): Presenta un programa formativo con: módulos, obxectivos, carga horaria e contidos teórico-prácticos. Faise unha planificación didáctica da acción formativa, e tamén faise unha programación didáctica por cada módulo formativo donde se contemplan as estratexias metodolóxicas, actividades de aprendizaxe e recursos didácticos. Recollese tamén unha planificación da avaliación da aprendizaxe. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

Cruz Roja Española Lugo: O programa formativo que se presenta contén: os módulos formativos, os obxectivos por cada un deles con contidos formativos prácticos e teóricos, e a carga horaria. En canto a metodoloxía é completa, detallada e específica para a acción formativa, recolle a implantación das novas tecnoloxías, un sistema de avaliación acorde coas capacidades a avaliar de cada módulo e itinerarios formativos individualizados da acción. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

LOTE 4.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE CATERING:

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 4:

- Asín Lucense S.L.U.
- Asociación Provincial Empresarios Hostelería Lugo

Faise a seguinte valoración para cada unha das propostas:

Asín Lucense S.L.U.: En canto o programa formativo o módulo I estruturase en dúas unidades formativas, ademais das capacidades, criterios de avaliación e contidos. Os restantes módulos non se desagregan en unidades formativas. A metodoloxía didáctica que se aporta non se relaciona directamente coa acción formativa a desenvolver, sendo xenérica. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

Asociación Provincial Empresarios Hostelería Lugo: O programa formativo consta de: módulos formativos coas súas unidades didácticas, a carga horaria e a duración dos mesmos. Non se fai ningunha referencia a metodoloxía didáctica. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

LOTE 5.- ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE:

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 5:

- Fundación Laboral de la Construcción

Faise a seguinte valoración para a única proposta presentada:

Fundación Laboral de la Construcción: O programa formativo divídese en diferentes módulos asociados a súa vez a diferentes unidades de competencia establecendo uns obxectivos específicos. Consta dunha programación metodolóxica estruturada nunha metodoloxía para a teoría e outra para a práctica. Aportase unha planificación didáctica na que cabe destacar os obxectivos a acadar polo alumno, temporalización, recursos didácticos, avaliación da aprendizaxe. A planificación e a

programación didáctica é extensa e detallada. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

LOTE 6.- OPERACIÓNS BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR:

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 6:

- Asociación Provincial Empresarios Hostelería Lugo
- Asín Lucense S.L.U.

Faise a seguinte valoración para cada unha das propostas:

Asociación Provincial Empresarios Hostelería Lugo: O programa formativo consta de: módulos formativos coas súas unidades didácticas (establecéndose uns obxectivos e un detallado contido teórico-práctico), a carga horaria e a duración dos mesmos. Non se fai ningunha referencia a metodoloxía didáctica. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

Asín Lucense S.L.U.: O programa formativo estrutúrase en capacidades, contidos e carga horaria. Os módulos formativos non se desagregan en unidades didácticas, se mencionan soamente as capacidades, contidos e carga horaria. Consta dunha metodoloxía didáctica xenérica que non se relaciona directamente coa acción formativa a desenvolver. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

LOTE 7.- OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS:

Empresas con propostas presentadas para este LOTE 7:

- Fundación Laboral de la Construcción
- Estudios Rafer S.L.

Faise a seguinte valoración para cada unha das propostas:

Estudios Rafer S.L.: O programa formativo divídese en diferentes módulos asociados a súa vez a diferentes unidades de competencia establecendo uns obxectivos específicos. Establecese unha metodoloxía xenérica para toda a acción formativa. Desenvólvese un sistema de avaliación da aprendizaxe por cada módulo formativo. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 18,23.**

Fundación Laboral de la Construcción: O programa formativo divídese en diferentes módulos, asociados a súa vez a diferentes unidades de competencia, establecendo uns obxectivos específicos. Establecese unha metodoloxía xenérica para toda a acción formativa. Desenvólvese un sistema de avaliación da aprendizaxe por cada módulo formativo. A planificación e a programación didáctica é extensa e detallada contemplándose a súa vez unha serie de actividades teórico prácticas por cada módulo formativo. Presenta os convenios/compromisos de prácticas donde as persoas beneficiarias poidan realizar as mesmas. **Puntuación: 20.**

É canto procede informar."

Así pois facemos un cadro resumo das puntuacións acadadas:

	P U N T U A C I Ó N T É C N I C A						
	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 6	LOTE 7
COGAMI	20		18,75				
CRUZ ROJA	20		20				
MAYORES ATENCIÓN A LA DEPENDENCIA	16,47		18,75				
AFALU	14,12		12,5				
FESAN	20		18,75				
APREVAR	16,47		20				
ESTUDIOS RAFER, S.L.	14,12		15				18,23
ASÍN LUCENSE, S.L.U	14,12		12,5	20		20	
COMBINA XESTIÓN SOCIAL		20					
VANGARDA FORMACIÓN	14,12		12,5				
NORPREVENCIÓN			12,5				
ASOCIACIÓN EMPRESARIOS HOSTELERÍA				20		20	
FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN					20		20

A continuación procédese por parte da Sra. Presidenta da mesa á apertura dos sobres C correspondentes á documentación relativa aos criterios avaliados automaticamente presentada polas seguintes empresas admitidas á licitación, quedando do seguinte xeito:

- **VANGARDA FORMACIÓN.**- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO).- propón como prezo de contrato: **12.000 euros**, IVE exento.

Lote 3 (CUIDADORA DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **4.500 euros**, IVE exento.

- **ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE LUGO.**- presentou ofertas para os lotes:

Lote 4 (OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING).- propón como prezo de contrato:

8.243,80 €, IVE exento.

Lote 6 (*OPERACIONES BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR*).- propón como prezo de contrato: **4.121,90 €**, IVE exento.

- **COMBINA SOCIAL, S.L.**- presentou oferta para o lote:

Lote 2 (*IMPRESIÓN DIXITAL*).- propón como prezo de contrato: **8.960 €**, IVE exento.

- **COGAMI**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (*ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO*).- propón como prezo de contrato: **10.949 €**, IVE exento.

Lote 3 (*COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER*).- propón como prezo de contrato: **4.140 €**, IVE exento.

- **CRUZ ROJA ESPAÑOLA**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (*ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO*).- propón como prezo de contrato: **10.591 €**, IVE exento.

Lote 3 (*COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER*).- propón como prezo de contrato **4.105 €**, IVE exento.

- **MAYORES ATENCIÓN A LA DEPENDENCIA, S.L.**- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (*COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER*).- propón como prezo de contrato: **11.462,40 €**, IVE exento.

Lote 3 (*COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER*).- propón como prezo de contrato: **4.298,40 €**, IVE exento.

- **AFALU (ASOCIACIÓN DE FAMILIARES E ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE LUGO)**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (*ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO*).- propón como prezo de contrato: **9.600 €**, IVE exento.

Lote 3 (COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **3.600 €**, IVE exento.

- **FESAN (FUNDACIÓN DE ESTUDIOS E ANÁLISES)**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO).- propón como prezo de contrato: **10.948,76 €**, IVE exento.

Lote 3 (COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **4.239,67 €**, IVE exento.

- **APREVAR.**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO).- propón como prezo de contrato: **9.550,41 €**, IVE exento.

Lote 3 (COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **3.581,40 €**, IVE exento.

- **ESTUDIOS RAFAEL, S.L.**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO).- propón como prezo de contrato: **8.925 €**, IVE exento.

Lote 3 (COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **3.347 €**, IVE exento.

Lote 7 (OPERACIÓN AUXILIARES DE MONTAJE DE REDES ELÉCTRICAS).- propón como prezo de contrato: **4.628 €**, IVE exento

- **NORPREVENCIÓN, S.L.**.- presentou oferta para o lote:

Lote 3 ((COIDADOR/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **4.290 €**, IVE exento.

- **FUNDACIÓN LABORAL CONSTRUCCIÓN.**.- presentou oferta para os lotes:

Lote 5 (ACABADO DE CARPINTERÍA E MOBLE).- propón como prezo de contrato: **16.940 €**, IVE exento.

Lote 7 (OPERACIÓNS AUXILIARES DE MONTAXE DE REDES ELÉCTRICAS).- propón como prezo de contrato: **5.780 €**, IVE exento.

- **ASIN LUCENSE SLU.-** presentou oferta para os lotes:

Lote 1 (ATENCIÓN SOCIO SANITARIA A PERSONAS NO DOMICILIO).- propón como prezo de contrato: **10.909,09 €**, IVE exento.

Lote 3 (COIDADORA/A DE PERSOAS DEPENDENTES E ENFERMAS DE ALZHEIMER).- propón como prezo de contrato: **4.090,90 €**, IVE exento.

Lote 4 ((OPERACIÓNS BÁSICAS DE CÁTERING).- propón como prezo de contrato: **8.057,85 €**, IVE exento.

Lote 6 (OPERACIONES BÁSICAS DE RESTAURANTE E BAR).- propón como prezo de contrato: **4.028,93 €**, IVE exento.

Á vista das ofertas presentadas, os integrantes da mesa acordan levar a cabo as comprobacións necesarias para determinar se existen ofertas anormais ou desproporcionadas, en cuxo caso levarase a cabo a tramitación prevista legalmente. En calquera caso, realizarase unha nova Mesa de Contratación para realizar a proposta de adxudicación.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas, no lugar sinalado no encabezamento:

A PRESIDENTA

Asdo: Sonia Méndez García

O SECRETARIO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

